

Os traballadores das empresas galegas máis significativas secundaron a folga masivamente

Na tarde mantéñense as porcentaxes de seguimento da folga da mañá

O seguimento do paro na Administración galega cífrase en máis do 70 por cento. As declaracións de Xaime Pita, feitas a primeira hora da mañá, son “ridículas” cando a folga de dúas horas comezou ás 13,00

Santiago, 10 de abril de 2003. Do mesmo xeito que se viña facendo pola mañá, UGT-Galicia e CIG valoran como importante o seguimento da folga nas dúas primeiras horas dos turnos de tarde. Así, mantéñense as porcentaxes dun seguimento que supera o 80 por cento nas empresas de máis de 50 traballadores, sendo menor nas pequenas empresas.

Por sectores, destaca-lo amplo seguimento no ensino público (universitario, do cen por cento e no secundario do 80 por cento). No sector industrial, nas empresas do metal o apoio á folga calcúlase que superou o 80 por cento e na construción esta porcentaxe foi do 52 por cento. En banca, o seguimento superou o 70 por cento.

No referente ás “ridículas apreciacións” do conselleiro da Presidencia, Jaime Pita, que cifraba ás 8.45 horas o seguimento da folga entre os traballadores da Administracións galega en menos dun un por cento, hai que lembrar que o paro convocado por UGT e CIG nestes centros tivo lugar a partir das 13.00 horas, obtendo un seguimento do 81 na Administración autonómica, do 79 por cento na local, do 75 por cento na sanidade, tanto pública como privada, tamén do 75 por cento na Administración xeral do Estado e do 77 por cento en Correos.

Nas empresas máis significativas do tecido industrial galego o seguimento do paro foi practicamente do cen por cento en todas elas. Destacar Izar Fene e Ferrol, Citroen, Barreras, Pescanova-Chapela, Arriva Ferrol e Coruña, Telefónica, Adolfo Domínguez, Galfor, TVE, Santa Bárbara, Megasa, Conservas Isabel e ENDESA, entre outras.

A xornada segue transcurrido sen incidentes e cúmprense os obxectivos pretendidos polos sindicatos convocantes.

Trátase de poñer de manifesto o rexeitamento dos traballadores galegos á guerra e a solidariedade coas vítimas, así como, a identificación con tódolos demais colectivos e profesionais que ó longo das últimas semanas están expresando con firmeza ou seu non a este conflito, aínda correndo o risco de sufrir represalias.

Convén non esquecer que, segundo a Organización Internacional do Traballo (OIT) que manexa datos do Fondo Monetario Internacional (FMI), esta guerra traerá consigo 20 millóns máis de parados en todo o mundo. Tan só nos sectores do transporte e do turismo perderanse uns 300.000 empregos nos países máis industrializados, cando a previsión, no caso de que non houbera guerra, era de dous millóns de novos postos de traballo.

De feito, algunhas das máis importantes empresas galegas con intensa exportación ós países árabes xa empezan a senti-las dificultades.